

 www.idearainvestigacion.com

 www.facebook.com/idearainvestigacion

 www.twitter.com/IdearaSL

INSERCIÓN LABORAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE REMATOU OS SEUS ESTUDOS NO CURSO 2015-2016 EN GALICIA

RESULTADOS DO ESTUDO REALIZADO NO ANO 2018

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN
PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**FORMACIÓN
PROFESIONAL**

Título:

Inserción laboral do alumnado de formación profesional que rematou os seus estudos no curso 2015-16

Financia:

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Elabora:

IDEARA S.L.

Edita:

IDEARA S.L.

Lugar e data:

Santiago de Compostela, novembro de 2018

Fonte imaxes portada:

<http://es.123rf.com>. Autor: goodluz.

ÍNDICE

ÍNDICE	3
1. PRESENTACIÓN	7
2. RESULTADOS.....	15
2.1. RESUMO DOS PRINCIPAIS RESULTADOS.....	18
2.2. INSERCIÓN LABORAL DO ALUMNADO.....	21
2.3. SITUACIÓN PRINCIPAL DO ALUMNADO.....	27
2.4. DESCRICIÓN DO PRIMEIRO EMPREGO.....	29
2.5. DESCRICIÓN DO EMPREGO ACTUAL	40
2.6. CUMPRIMENTO DAS EXPECTATIVAS LABORAIS DO EMPREGO ACTUAL	51
2.7. CONTINUIDADE DOUTROS ESTUDOS	53
2.8. ANÁLISE DO CARÁCTER EMPRENDEDOR DAS PERSOAS TITULADAS	56
2.9. GRAO DE SATISFACCIÓN COA FORMACIÓN RECIBIDA	58
2.10. RESULTADOS COMPARADOS POR FAMILIAS	60
2.10.1. Actividades Físicas e Deportivas.....	87
2.10.2. Administración e Xestión.....	91
2.10.3. Agraria	95
2.10.4. Artes Gráficas	99
2.10.5. Comercio e Márketing.....	103
2.10.6. Edificación e Obra Civil	107
2.10.7. Electricidade e Electrónica	111
2.10.8. Enerxía e Auga	115
2.10.9. Fabricación Mecánica	119
2.10.10. Hostalaría e Turismo.....	123
2.10.11. Imaxe e Son	127
2.10.12. Imaxe Persoal	131
2.10.13. Industrias Alimentarias.....	135
2.10.14. Informática e Comunicaci3ns	139
2.10.15. Instalaci3n e Mantemento	143
2.10.16. Madeira, Moble e Cortiza	147
2.10.17. Marítimo-Pesqueira.....	151
2.10.18. Química.....	155
2.10.19. Sanidade	159
2.10.20. Servizos Socioculturais e á Comunidade	163
2.10.21. T3xtil, Confecci3n e Pel.....	167

2.10.22.	Transporte e Mantemento de Vehículos.....	171
2.10.23.	Seguridade e Medio Ambiente.....	175
2.11.	RESULTADOS POR CICLOS FORMATIVOS	179
3.	METODOLOXÍA E ANEXOS	215
3.1.	FICHA TÉCNICA	215
3.2.	ANEXO I: ÍNDICE DE TÁBOAS E GRÁFICAS.....	217
3.3.	ANEXO II: CUESTIONARIO	223
3.4.	ANEXO III: DESCRICIÓN DA MOSTRA	230

PRESENTACIÓN |

1. PRESENTACIÓN

A Formación Profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional, facilitar que se adapte ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida e contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática. Ademais, facilítalle a progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa).

Os ciclos formativos de Formación Profesional constitúen un eixo estratéxico para axudar na inserción laboral dos mozos e das mozas, así como de calquera persoa que queira mellorar a súa situación no mercado de traballo. Están dirixidos non só á xente moza na etapa previa á primeira incorporación ao mercado de traballo, senón que están tamén enfocados a mellorar a capacitación ou a reorientar as carreiras profesionais de persoas de todas as idades.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, programa desde hai anos a realización de estudos para coñecer a realidade laboral das persoas tituladas de ciclos de FP en Galicia tras cada curso escolar. A súa finalidade consiste en avaliar o grao de consecución dos obxectivos fundamentais da Formación Profesional, en especial coñecer a situación laboral e as vías de acceso ao emprego das persoas tituladas da FP transcorrido un tempo desde que remataron os seus estudos, así como a traxectoria formativa escollida por estas e que serve como referente que a Administración educativa terá en conta para planificar a oferta de formación profesional nos vindeiros cursos.

Este informe amosa os resultados acadados para o estudo de **inserción laboral do alumnado de ciclos formativos de FP Básica e ciclos medios e superiores de formación profesional que rematou os seus estudos en Galicia no curso 2015-16**.

As informacións que sustentan as estatísticas presentadas ao longo deste informe recompiláronse mediante a realización dunha enquisa telefónica, como en edicións anteriores, e tamén en liña (ferramenta de recollida de datos xa utilizada na edición anterior). A enquisa aplicouse sobre unha mostra representativa que permite coñecer os datos de inserción laboral desagregados por familias profesionais, grao dos ciclos, sexos e zona (provincia) do centro formativo. O deseño da mostra, aleatorio e estratificado, tamén asegura a representatividade dos ciclos formativos de forma individual. En concreto, realizáronse 3 290 entrevistas completas, que abranguen todas as familias profesionais e case todos os ciclos formativos nos que había alumnado que rematou os seus estudos no curso de referencia.¹


Esta operación estatística atópase recollida no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (esta operación descríbese no apartado 2.3.6 dos anexos do Decreto 185/2015, do 23 de decembro).

¹ Non se conseguiu realizar ningunha enquisa no ciclo formativo de *Aloxamento e lavandaría* (4 persoas tituladas).

- **Mercado laboral en Galicia**

Unha descrición da situación do mercado laboral en Galicia no ano 2018 servirá para contextualizar e comparar os resultados que máis adiante se detallarán sobre a inserción laboral dos titulados e das tituladas da Formación Profesional.

Segundo as fontes estatísticas de referencia, a taxa de paro no primeiro trimestre de 2018 en Galicia é do 14%². Esta taxa é un pouco máis alta entre as mulleres (15,2%) que entre os homes (12,8%). Estas cifras, ademais, amosan grandes diferenzas por idades, como se observa na seguinte gráfica. En especial no caso do tramo de idade inferior (de 16 a 19 anos), a diferenza entre homes e mulleres é máis significativa (ata o 46%).




A taxa de paro defínese como a porcentaxe de persoas, sobre o total de persoas activas, que non teñen emprego, que están dispoñibles para traballar e que buscan activamente unha ocupación. Non se consideran activas as persoas que non se atopan en disposición de traballar e as que non están na procura activa de emprego, é dicir, que non executan accións concretas para acadalo. É importante ter en conta estes matices metodolóxicos porque a taxa de paro defínese como unha proporción sobre unha poboación que non abrangue todo o universo do estudo (as persoas tituladas), senón un grupo (as persoas activas).

A taxa de paro xuvenil defínese como aquela que afecta ás persoas de 16 a 29 anos; polo tanto, está relacionada coa poboación que é obxecto do presente estudo. A partir do ano 2015, obsérvase una significativa tendencia á baixa na taxa de paro, que pasa do 38% ao 25,8% no segundo trimestre de 2018. Esta redución do paro xuvenil acompáñase dun crecemento da taxa de ocupación³, que aumenta en pouco máis de dous puntos porcentuais (do 34,1% ao 36,2%) fronte ao 12,2% en que se reduce a taxa de paro.

A explicación de que se reduza o paro sen aumentar na mesma medida a ocupación pode deberse á diminución da poboación activa (máis persoas estudando) ou á redución da poboación nos tramos de idade tomados en consideración.

² Fonte: IGE; datos da Enquisa de Poboación Activa.

³ A taxa de ocupación é a porcentaxe das persoas que traballan sobre a poboación total (incluídas as persoas activas e inactivas).

Figura 2. Evolución da taxa de paro xuvenil (16-29 anos) en Galicia. Fonte: EPA⁴**Figura 3. Táboa das taxas de ocupación das persoas traballadoras en Galicia por tramos de idade: 1º trimestre de 2018. Fonte: EPA-IGE**


	Poboación total (miles)	Ocupados/as (miles)	Taxa de ocupación
16 a 19	85,5	3,9	4,56%
20 a 24	109	31,9	29,27%
25 a 29	274	189,5	69,16%
30 ou máis anos	1 866,3	824,9	44,20%

- **A Formación Profesional en Galicia**

Nas seguintes liñas descríbese a situación actual da formación regrada en Galicia, distinguindo entre o ensino universitario e a formación profesional. No ano 2016, comparado co 2015, constátase unha lixeira redución do alumnado matriculado no réxime ordinario, que, con todo, non é tan elevada na seguinte anualidade (2017). Non obstante, este lixeiro descenso da matrícula no réxime ordinario non se reflicte nun descenso no total do alumnado matriculado debido ao aumento no réxime das persoas adultas nas modalidades presencial, a distancia e dual.

⁴ Os datos de 2016 refírense ao 1º trimestre tanto nesta como en sucesivas gráficas. A taxa de actividade é o cociente do número de persoas activas (traballando e buscando emprego) sobre a poboación total do rango de idade.

Figura 4. Alumnado matriculado en Galicia en ciclos formativos de grao medio e grao superior, réxime ordinario. Fonte: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional



No caso das persoas matriculadas en ensinanzas universitarias, a evolución presenta unha notoria tendencia á baixa. O último ano do que se teñen datos oficiais é o 2016.

Figura 5. Alumnado matriculado nas universidades galegas. Fonte: IGE






Figura 6. Emigración e inmigración no grupo de idade de 16 a 29 anos en Galicia. Fonte: IGE



A orixe da tendencia á baixa da poboación activa debe buscarse en cambios a nivel sociodemográfico, tanto nas taxas de natalidade como nos movementos migratorios, e no feito de dedicar máis anos ao período de formación. A pirámide de poboación de Galicia (pirámide invertida) fai que cada ano menos mozos e mozas cheguen á idade de traballar. Por outra banda, mantense un fluxo migratorio que tende á baixa co pasar dos anos entre mozos e mozas de 16 a 29 anos, mentres que a inmigración rexistrou un aumento nos últimos anos.

Todos estes indicadores explican como en Galicia, cun valor absoluto de persoas ocupadas que apenas aumenta, existe unha redución da taxa de paro.

Figura 7. Poboación total en Galicia entre 16 e 29 anos. Fonte: IGE



RESULTADOS |

2. RESULTADOS

Os resultados da enquisa de **Inserción laboral do alumnado de FP que rematou os seus estudos no curso 2015-16 en Galicia** preséntanse comezando polos datos xerais (resultados globais de todo o alumnado) para despois detallar os indicadores laborais das persoas tituladas de forma desagregada (inserción laboral por sexos, modalidades, familias profesionais e ciclos).

A recollida desta información prodúcese **dous anos despois** de que o alumnado titulado rematara a formación que o conduciu a obter o título. Isto permite coñecer o nivel de inserción laboral desde unha perspectiva temporal axeitada. Analízase, pois, como foi o primeiro posto de traballo tras o ciclo formativo (porta de entrada no mercado laboral) e o emprego actual (análise da evolución).

O cuestionario utilizado na enquisa está dispoñible no anexo II deste informe. A redacción respecta case de forma literal a empregada hai dous anos de cara a garantir a continuidade temporal da serie estatística. Só se actualizaron algunhas denominacións nas tipoloxías de contratación e nos estudos para adaptalas ás formas máis usuais ou oficiais na actualidade.

A realización da enquisa transcorridos dous anos permite elaborar unha análise desde unha perspectiva diacrónica e evolutiva porque se poden diferenciar o método de inserción no mercado e a consolidación desta, ou ben o abandono ou volta aos estudos. Para isto, tomáronse datos sobre o acceso ao **primeiro emprego** e ao **emprego actual** das persoas tituladas, así como as características destes. Cando se fala do «emprego actual» faise referencia ao emprego que ten a persoa titulada no mes de referencia, en xuño de 2018, cando se realiza a enquisa.

Antes de continuar con esta breve introdución sobre a exposición dos resultados, cabe facer un inciso para aclarar dous conceptos moi relevantes que ademais se manexarán acotío. No que se refire á situación laboral actual da persoa titulada, considérase **persoa traballadora** aquela que conta cun traballo por conta allea ou exerce unha actividade por conta propia no mes de referencia. Tómase esta definición de traballadora a partires da metodoloxía e as definicións da EPA, que se amosa a continuación:

Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa. Os ocupados clasifícanse segundo o tipo de xornada laboral en: traballando a tempo completo e a tempo parcial. A base para esta clasificación é a

propia declaración do entrevistado, aínda que non se pode considerar traballo a tempo parcial o que habitualmente supera as trinta e cinco horas semana.⁵

Pola contra, para a operación da EPA o INE define a unha **persoa en situación de paro** como:

Considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos, que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior á de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poder incorporarse á empresa e buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo.

Aínda que a definición formal de paro non cambia, pois segue as directrices da Organización Internacional do Traballo (OIT), a partir do primeiro trimestre de 2002 entra en vigor o Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea que introduce novas instrucións sobre como interpretar a busca activa de traballo.

Segundo dito Regulamento, considéranse métodos activos de busca os seguintes:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de encontrar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe un plantexamento activo).
- Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación...) co fin de atopar traballo.
- Enviar unha candidatura directamente aos empregadores.
- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos...
- Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos.
- Estudar as ofertas de emprego.
- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.
- Buscar terreos, locais ou material.
- Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros.⁶

Un dato fundamental no informe será a **taxa de inserción**. Cando se menciona este indicador, faise referencia sempre a aquel que, baixo as definicións anteriores, relaciona o total de

⁵ As definicións proceden da metodoloxía da EPA, citada polo IGE en: http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

⁶ As definicións proceden da metodoloxía da EPA, citada polo IGE en: http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

persoas traballadoras respecto á suma das persoas traballadoras mais as desempregadas. Por tanto, a taxa de inserción pode definirse tamén como o rateo de persoas traballadoras sobre o total de persoas activas, excluindo as inactivas do cálculo (estudantes ou persoas que se atopan fóra do mercado laboral, que non teñen intención de traballar ou que non buscan activamente emprego).

Os datos de inserción laboral por familias profesionais expóñense comparando nas gráficas os resultados de todas as familias profesionais que os/as estudantes finalizaron no curso de referencia. Ademais, a maior parte dos resultados expoñeranse desagregados en función do sexo da persoa titulada, grupo de idade, grao do ciclo e provincia. No caso da análise por provincias, tómase como referencia a do centro formativo, por considerarse un factor interesante para avaliar se a distribución é axeitada para a demanda do mercado de traballo. Compáranse tamén entre o primeiro emprego e o emprego actual diversas características dos postos que desempeña o alumnado.

En concreto, os datos que se analizan no informe son:

- ✓ Situación laboral actual: taxa de inserción laboral e situación actual dos/das titulados/as (traballando, estudando ou buscando emprego).
- ✓ Datos do primeiro emprego e do actual: tempo que se tardou en acceder a el, vía de inserción, sector, modalidade, tipo de contrato e categoría laboral, localización e relación co ciclo estudado.
- ✓ Cumprimento das expectativas de emprego.
- ✓ Continuación doutros estudos e tipoloxía destes.
- ✓ Espírito emprendedor da persoa titulada: intención de montar unha empresa pola súa conta.
- ✓ Valoración persoal da formación recibida no ciclo formativo cursado.

2.1. Resumo dos principais resultados

- **Situación laboral**

A **taxa de inserción laboral** en 2018 entre as persoas activas que obtiveron a súa titulación de FP en Galicia no curso 2015-16 (13 631 persoas) é do **85,9%**, polo que a taxa de paro queda no 14,1%, mellorando en gran medida a situación amosada no estudo que se elaborou dous anos atrás.

Nas comparacións por colectivos pode apreciarse como en todos os tramos de idade se supera o 82 % de taxa de inserción.

A taxa de inserción laboral do alumnado titulado en ciclos de FP Básica é inferior á acadada nos ciclos de FP de grao medio e superior. A principal razón desta discrepancia débese a que existe unha maior tendencia a continuar a formación despois de finalizar a FP Básica, que abrangue ata o 41,2% dos casos.

As persoas tituladas nos centros formativos das provincias de Lugo e A Coruña presentan unha maior taxa de inserción que as dos centros formativos das provincias do sur.

Respecto ás persoas tituladas totais, **incluíndo ás inactivas**, o 65,1% está a traballar no momento da enquisa, o 10,6% busca emprego e o 23,3% ten como actividade principal estudar. O 0,9% das persoas tituladas atópase noutra situación (outros casos non activos).

O 77,6% das persoas tituladas da Formación Profesional no curso 2015-16 desempeñaron algún emprego ao longo dos dous anos posteriores ao remate dos estudos ou xa o tiñan con anterioridade. De entre estas, o 73,8% acadouno en menos de seis meses.

Resulta significativo apreciar como en cada nova edición da enquisa obsérvase unha maior porcentaxe de titulados/as que xa tiñan emprego antes de comezar o ciclo. Do 11,9% que se rexistrou no estudo realizado hai catro anos (titulados/as en 2011-12) pasouse ao 14,0% na enquisa do curso 2013-14 e, actualmente (titulados/as en 2015-16), chega ao 15,7%. Este dato indica que a FP non só constitúe unha alternativa para iniciar unha carreira profesional con vistas á inserción laboral ou unha vía de acceso a estudos superiores ou universitarios. Cada vez máis as ensinanzas de FP compoñen tamén un itinerario destacado para os traballadores e as traballadoras en activo que pretenden mellorar a súa capacitación profesional e promocionar cara a postos de traballo de maior cualificación, autonomía e responsabilidade; ou ben iniciar un novo proxecto profesional, na liña estratéxica da promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

- **Primeiro emprego**

A porcentaxe de titulados e tituladas que comezan traballando nun emprego relacionado co ciclo formativo que estudaron é do 67,8%.

Comparando os distintos perfís obsérvase que os homes e as persoas tituladas en ciclos de grao medio presentan unha taxa de continuidade no sector do ciclo cursado algo superior ás

mulleres e as persoas tituladas en ciclos de grao superior. Aínda que as diferenzas non son grandes, por provincias Lugo supera a media de continuidade (cun 73,8% de empregos relacionados co ciclo cursado).

A vía de acceso ao primeiro emprego a través da empresa onde se realiza a Formación en Centros de Traballo oscila pouco, entre o 30 e o 31% dos casos ao segmentar os datos por sexos. Con todo, por grao do ciclo flutúa entre o 26,8% (básico), o 30,1% (medio) e o 32,2% (superior). Por provincia, A Coruña acada o 32,6% mentres que nas demais zonas a cifra fica arredor do 28-29%.

Entre as persoas tituladas da FP que non acadaron o posto de traballo na empresa onde realizaron a Formación en Centro de Traballo, as principais vías de inserción no mercado laboral son, en todos os casos, os contactos persoais e familiares (31,5% de media), seguidos da solicitude e iniciativa propia (27,6% de media).

- **Emprego actual**

O 65,5% das persoas tituladas declaran que o emprego que desempeñan na actualidade (dous anos despois de rematar os estudos) ten relación co ciclo formativo cursado. Esta situación mellora en dous puntos e medio o resultado da enquisa realizada hai dous anos entre as persoas tituladas no curso 2013-14 (63%). Do mesmo xeito que en toda a serie de enquisas, esta porcentaxe mellora cando se trata do primeiro emprego que o alumnado desempeñou tras rematar o ciclo formativo (máis do 67% traballaba no sector).

A inserción laboral dos homes nun sector ou especialidade relacionado co ciclo cursado supera a das mulleres, aínda que con moita menos diferenza que no estudo de hai dous anos (que era de 12 puntos, mentres que na actualidade redúcese a menos de tres). Por provincias, son as persoas tituladas nos centros de Lugo as que teñen un nivel de continuidade no sector máis elevado.

Igual que acontecía co primeiro emprego, as principais vías de inserción, á parte das empresas onde se realizan as prácticas, son os contactos persoais e a solicitude e iniciativa propia. Estas dúas vías de inserción son as máis mencionadas en todos os segmentos: por sexos, grao do ciclo e provincia.

O 83,4% das persoas tituladas que traballan na actualidade desempeña empregos por conta allea no sector privado. Neste caso, teñen máis representación os homes, xa que as mulleres tituladas que traballan teñen maior presenza ca eles no sector público (+4,8%). As diferenzas por provincias non son significativas, salvo en Ourense, onde tan só o 74,9% traballa no sector privado e ascende o número de persoas traballadoras no sector público (18,4%).

O nivel de cumprimento coas expectativas laborais aumenta de xeito considerable con respecto á enquisa realizada dous anos atrás. O 58,3% das persoas tituladas declara que o seu emprego actual cumpre coas expectativas que tiña ao rematar os estudos.

Pouco máis da metade das persoas tituladas continúa estudando na actualidade (aínda que non sexa a súa actividade principal), situándose así nun nivel moi semellante ao da enquisa de hai dous anos.

- **Familias profesionais**

A taxa de inserción (persoas traballando sobre o total de persoas activas) é moi alta na maioría das familias profesionais, entre as que *Edificación e obra civil* (94,6%) e *Actividades físicas e deportivas* (98,1%) presentan os resultados máis salientables.

En ocasións, a porcentaxe de persoas traballadoras dalgunhas familias profesionais semella ser máis baixa. No entanto, isto non se debe necesariamente a unha peor empregabilidade, senón ao incremento da proporción de titulados/as que declaran como actividade principal estudar. Os casos máis significativos nos que se observa ese fenómeno son: *Imaxe e son* (30,6% de estudantes), *Administración e xestión* (27,9%) e *Química* (27,0%). Estas familias profesionais rexistran unha taxa de ocupación máis baixa por mor dunha proporción elevada de persoas tituladas que continúan a estudar.

As familias profesionais con maior peso no sector privado son: *Fabricación mecánica, Imaxe persoal, Industrias alimentarias e Informática e comunicacións*. Pola outra banda, as familias profesionais con maior peso no sector público son: *Agraria, Sanidade e Seguridade e medio ambiente*.

No autoemprego destacan as familias profesionais *Enerxía e auga e Téxtil, confección e pel*.

A familia profesional co nivel máis elevado de continuidade no sector, no que respecta ao primeiro emprego, é *Imaxe persoal*. Canto ao emprego actual, o fenómeno é máis acusado entre as persoas tituladas na familia *Marítimo-pesqueira*.


2.2. Inserción laboral do alumnado

Na introdución do presente informe xa se amosaron algúns datos positivos sobre a evolución do emprego en Galicia nos últimos dous anos. A Enquisa de Poboación Activa detecta reducións nas taxas de paro dos colectivos de menor idade. Esta enquisa levouse a cabo dous anos despois do derradeiro estudo de inserción laboral de persoas tituladas de Formación Profesional en Galicia. Os datos dese último estudo tómanse como referencia para a comparación que se expón no presente informe.

Á hora de contabilizar as persoas activas, inclúense aquelas que estudan se ao mesmo tempo buscan de forma activa emprego e están dispoñibles para exercelo, en consonancia coa metodoloxía da estatística oficial de referencia, a EPA. Así pois, alúdese a este conxunto cando se fala da **taxa de inserción**.

A **taxa inserción laboral** en 2018 das persoas activas tituladas no curso 2015-16 é do **85,9%**, polo que a taxa de paro queda no 14,1%, unha cifra que mellora substancialmente os datos do estudo elaborado dous anos atrás (76,5%).

Figura 8. Gráfica das taxas de inserción das persoas tituladas activas



Nas segmentacións por colectivos que se ofrecen a continuación pódese apreciar como a partir dos 25 anos redúcese de forma significativa a taxa de paro, que se coloca por debaixo do 10%.

A taxa de inserción laboral dos homes (88,2%) mellora a da media e mellora tamén en case cinco puntos a das mulleres.

Por grao do ciclo, as taxas de inserción máis altas obsérvanse nos ciclos de grao medio e superior (máis do 85%) fronte á FP Básica.

As persoas tituladas dos centros formativos da provincia de Lugo presentan a taxa de inserción que supera con maior claridade a media (92,5%), seguidos pola Coruña (86,5%), Ourense (84,8%) e Pontevedra (83,8%).

Figura 9. Gráfica das taxas de inserción por tramos de idade




Figura 10. Gráfica das taxas de inserción por sexos




Figura 11. Gráfica das taxas de inserción por grao do ciclo





Figura 12. Gráfica das taxas de inserción por provincia do centro



- **Desempeño dalgún posto de traballo tras finalizar o ciclo formativo**

O 77,6 % das persoas tituladas desempeñaron algún posto de traballo nos dous anos que transcorreron desde o remate do ciclo ata a actualidade. Entre as persoas que non obtiveron emprego, as diferenzas segundo a idade son acusadas.

A diferenza entre homes e mulleres é de seis puntos. Con todo, entre as persoas que están traballando a diferenza non é tan acusada cando se comparan as que non tiveron ningún emprego tras rematar os estudos (tres puntos). Tamén lles vai mellor no mercado laboral ás persoas tituladas de ciclos formativos de grao medio e superior que ás de FP Básica, e volve destacar en positivo o nivel de inserción laboral das persoas tituladas na provincia de Lugo seguida moi de preto pola Coruña.

Figura 13. Gráficas do alumnado que obtivo algún emprego desde que rematou o ciclo formativo e inserción do alumnado que obtivo emprego




Figura 14. Gráfica do alumnado que obtivo algún emprego desde que rematou o ciclo formativo por tramos de idade




Figura 15. Gráfica do alumnado que obtivo algún emprego desde que rematou o ciclo formativo por sexos




Figura 16. Gráfica do alumnado que obtivo algún emprego desde que rematou o ciclo formativo por grao do ciclo





Figura 17. Gráfica do alumnado que obtivo algún emprego desde que rematou o ciclo formativo por provincia do centro



• **Tempo que se tarda en atopar emprego**

No anterior apartado amosouse que máis do 77% das persoas tituladas da Formación Profesional no curso 2015-16 obtivo algún emprego nos dous anos posteriores. Neste apartado destácase que, entre elas, o 73,8% conseguíuno en menos de seis meses.

Cabe resaltar que en cada nova edición da enquisa obsérvase unha proporción maior de persoas tituladas que xa tiñan emprego antes de comezar o ciclo. Neste caso evoluciona do 14% ao 15,7%. Este dato indica que o perfil do alumnado que cursa FP tende a mudar, é dicir, non atrae só a estudantes que optan por esta vía de formación regrada ou persoas desempregadas, senón cada vez máis a persoas que desexan mellorar o seu posto de traballo ou mudar de sector aínda que xa dispoñan de emprego. As principais diferenzas por idades derivan da alta porcentaxe que xa tiña emprego entre as persoas de máis idade (37,9%).

Entre os homes, máis do 55,8% obtén emprego de forma inmediata ou antes dos seis meses, fronte ao 49,6 % no caso das mulleres.

Fronte á dinámica que estaba a seguir a desagregación dos datos por provincias, esta vez é Ourense a que acada os datos máis positivos, xa que as persoas tituladas nos centros formativos desta provincia son as que menos tempo tardan en atopar emprego.

Figura 18. Gráfica do tempo que tarda o alumnado en obter emprego




Figura 19. Gráfica do tempo que tarda o alumnado en obter emprego por tramos de idade




Figura 20. Gráfica do tempo que tarda o alumnado en obter emprego por sexos




Figura 21. Gráfica do tempo que tarda o alumnado en obter emprego por grao do ciclo





Figura 22. Gráfica do tempo que tarda o alumnado en obter emprego por provincia do centro



2.3. Situación principal do alumnado

Considerando todo o alumnado, tamén aquel que se encontra en situación inactiva, describe a súa situación principal como «traballando» o 65,1% do alumnado. Así mesmo, o 23,3% está estudando e o 10,6%, buscando emprego. O 0,9% restante comprende alumnado que nin estuda nin traballa nin busca emprego.

O alumnado que traballa aumenta de xeito considerable coa idade, desde o 53,2% das persoas menores de 24 anos ata o 83,1% das que xa cumpriron os 30. O número de homes que traballan supera en cinco puntos o de mulleres debido a que son menos os que estudan ou buscan emprego. Nestas dúas últimas categorías, o número de mulleres supera en máis de dous puntos o de homes. Esa diferenza acentúase nos ciclos de grao superior e de Formación Profesional Básica, pero desaparece nos ciclos de grao medio.

Figura 23. Situación principal




Figura 24. Situación principal por tramos de idade




Figura 25. Situación principal por sexos




Figura 26. Situación principal por grao do ciclo formativo




Figura 27. Situación principal por sexos entre o alumnado de FP básica




Figura 28. Situación principal por sexos entre o alumnado de ciclos de grao medio





Figura 29. Situación principal por sexos entre o alumnado de ciclos de grao superior



2.4. Descrición do primeiro emprego

Na seguinte táboa amósase a estimación do total de persoas tituladas que obtiveron algún emprego e que traballan na actualidade, así como a especificación das que traballan nun posto ou nunha empresa diferente ao do emprego inicial. A partir deste punto manexaranse os conceptos de «primeiro emprego» e «emprego actual», polo que merecen ser explicados:

- ✓ **Primeiro emprego:** persoas tituladas que tiveron un posto de traballo tras rematar os seus estudos, continúen traballando agora noutra empresa ou na mesma pero con outra categoría ou posto, ou que xa non teñen un posto de traballo.
- ✓ **Emprego actual:** persoas tituladas que están traballando no momento da aplicación da enquisa, sexa ou non o seu primeiro emprego.

Figura 30. Táboa das persoas tituladas que obtiveron algún emprego, estimación sobre o total e datos absolutos

Tiveron algún emprego ao remate do ciclo	Con traballo na actualidade		O emprego actual é o primeiro tras o ciclo	
10 585	Si	8 874	Si	4 117
			Non	4 757
	Non	1 711		

A porcentaxe de titulados e tituladas que comezan traballando nun emprego relacionado co ciclo formativo que estudaron é do 67,8%. A maioría (52,0%) afirma que ese primeiro emprego se corresponde coa categoría que adquiriron no ciclo formativo.

Os homes e as persoas tituladas de ciclos de grao medio presentan unha taxa de continuidade no sector relativo ao ciclo cursado un pouco superior ás mulleres e persoas tituladas en ciclos de grao superior.

Aínda que as diferenzas non son moi significativas por provincias, Lugo é a que rexistra máis persoas tituladas con empregos relacionados cos seus estudos.

Figura 31. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado no primeiro emprego




Figura 32. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado no primeiro emprego por sexos




Figura 33. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado no primeiro emprego por grao do ciclo





Figura 34. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o posto desempeñado no primeiro emprego por provincia do centro



- **Vías de acceso ao primeiro emprego**

O 30,7% das persoas tituladas que atoparon emprego despois de rematar os estudos fixérono a través da empresa onde realizaron a FCT. As diferenzas por sexos non son estatisticamente significativas. Si se aprecia, non obstante, unha maior inserción a través desta vía nos graos de FP superior, así como entre as persoas procedentes dos centros da provincia da Coruña.

No caso das persoas que obtiveron emprego pero que non o acadaron na empresa onde realizaron a Formación en Centros de Traballo, as principais vías de inserción no mercado laboral son, en todas as segmentacións, os contactos persoais e a solicitude e iniciativa propia. O autoemprego sitúase a nivel global no 1,9%.

Figura 35. Gráfica do acceso ao primeiro emprego a través da empresa na que se realizou a FCT




Figura 36. Gráfica das outras vías de acceso ao primeiro emprego




Figura 37. Gráfica do acceso ao primeiro emprego a través da empresa na que se realizou a FCT por sexos




Figura 38. Gráfica das outras vías de acceso ao primeiro emprego por sexos




Figura 39. Gráfica do acceso ao primeiro emprego a través da empresa na que se realizou a FCT por grao do ciclo




Figura 40. Gráfica das outras vías de acceso ao primeiro emprego por grao do ciclo




Figura 41. Gráfica do acceso ao primeiro emprego a través da empresa na que se realizou a FCT por provincia do centro





Figura 42. Gráfica das outras vías de acceso ao primeiro emprego por provincia do centro



• **Modalidade laboral do primeiro emprego**

O emprego por conta allea no sector privado é a modalidade maioritaria no primeiro posto que desempeñan as persoas tituladas da Formación Profesional en Galicia no curso 2015-16. Esta modalidade acada o 84,5% e vai seguida, en moita menor proporción, polos traballos por conta allea no sector público (11,9%).

A modalidade de conta allea no sector privado supera o 83% en ambos os sexos e en todos os graos do ciclo e provincias, a excepción de Pontevedra e Ourense, onde se sitúa por debaixo do 80%, xa que cobra maior notoriedade o sector público (supera o 15%).

Figura 43. Gráfica da modalidade laboral do primeiro emprego




Figura 44. Gráfica da modalidade laboral do primeiro emprego por sexos




Figura 45. Gráfica da modalidade laboral do primeiro emprego por grao do ciclo





Figura 46. Gráfica da modalidade laboral do primeiro emprego por provincia do centro



O 32,2% das persoas tituladas da FP que comezaron traballando por conta allea no sector privado gozaban dun contrato laboral temporal no seu primeiro emprego. A proporción de contratos indefinidos representa o 10%, sen grandes variacións segundo as diferentes segmentacións da mostra.

No caso do sector público, as tipoloxías de contratación amosan contrastes máis notorios que no privado. No primeiro emprego, o persoal laboral é a modalidade de contratación máis patente (43,5%). Entre os homes existe unha proporción de funcionarios do 6,7%, mentres que

as mulleres destacan por se incluíren con maior frecuencia entre o persoal indefinido ou temporal do sector público.

Figura 47. Gráfica do tipo de contrato no primeiro emprego no sector privado




Figura 48. Gráfica do tipo de contrato no primeiro emprego no sector público




Figura 49. Táboa do tipo de contrato no primeiro emprego no sector público por sexos, grao do ciclo e provincia do centro

		Bolseiro/a	Funcionario/a	Interino/a	Persoal eventual	Persoal indefinido ou temporal	Total
Sexo	Home	7,9%	6,7%	8,4%	37,8%	39,2%	100,0%
	Muller	8,6%	1,9%	9,5%	33,1%	46,9%	100,0%
Grao do ciclo	FP básica	0,0%	0,0%	10,5%	27,3%	62,2%	100,0%
	Grao medio	6,1%	1,7%	5,4%	33,3%	53,5%	100,0%
	Grao superior	10,6%	6,0%	12,9%	36,8%	33,6%	100,0%
Provincia do centro	A Coruña	9,5%	4,7%	8,2%	29,1%	48,6%	100,0%
	Lugo	6,6%	4,4%	5,5%	27,9%	55,6%	100,0%
	Ourense	3,6%	3,6%	8,1%	44,1%	40,5%	100,0%
	Pontevedra	9,1%	3,1%	11,6%	42,5%	33,8%	100,0%

Figura 50. Táboa do tipo de contrato no primeiro emprego no sector privado por sexos, grao do ciclo e provincia do centro

		Indefinido	Temporal, por obra e servizo	Temporal, menos de 6 meses	Temporal, entre 6 e 12 meses	Temporal, máis de 12 meses	Outros	Total
Sexo	Homes	11,0%	30,1%	18,7%	18,6%	4,0%	17,6%	100%
	Mulleres	8,8%	34,5%	17,5%	18,1%	4,9%	16,1%	100%
Grao do ciclo	FP básica	8,0%	33,2%	25,1%	11,0%	4,6%	18,1%	100%
	Grao medio	11,8%	33,4%	17,9%	18,4%	4,7%	13,9%	100%
	Grao superior	9,3%	31,5%	17,6%	19,3%	4,6%	17,6%	100%
Provincia do centro	A Coruña	10,7%	36,3%	15,9%	16,6%	4,0%	16,5%	100%
	Lugo	9,1%	30,7%	20,6%	21,2%	3,3%	15,1%	100%
	Ourense	9,8%	21,3%	23,1%	22,3%	7,4%	16,1%	100%
	Pontevedra	9,3%	29,3%	19,6%	19,1%	4,6%	18,0%	100%

- **Categoría laboral do primeiro emprego**

A categoría laboral de oficial ou técnico/a especializado/a menciónase con maior frecuencia cando se describe o posto desempeñado no primeiro emprego. Séguelle peón/peoa, auxiliar ou empregado/a en posto que non require FP. Hai contrastes que son ilustrativos: a categoría de técnicos/as é a máis habitual no primeiro emprego dos homes e das persoas tituladas en ciclos de grao superior ou medio; pola contra, no caso das mulleres e as persoas tituladas en ciclos de FP Básica é máis común que desempeñen o posto descrito como peón/peoa e auxiliar.

Segundo a provincia do centro non se observan diferenzas significativas nos datos.

Figura 51. Gráfica da categoría profesional no primeiro emprego




Figura 52. Gráfica da categoría profesional no primeiro emprego por sexos




Figura 53. Gráfica da categoría profesional no primeiro emprego por grao do ciclo





Figura 54. Gráfica da categoría profesional no primeiro emprego por provincia do centro



- **Localización do primeiro emprego**

Para interpretar os resultados deste apartado é preciso aclarar a metodoloxía seguida. Ofreceuse a opción de responder a enquisa por Internet (ao igual que no estudo realizado dous anos atrás, non así nos precedentes), polo que se dispón dun mellor acceso aos titulados e ás tituladas que non teñen dispoñibles os números de teléfono facilitados durante o seu paso polos centros de FP. Trátase dunha mellora metodolóxica porque facilita a resposta das persoas residentes no estranxeiro.

Os principais focos de oferta laboral en Galicia están nas provincias da Coruña e Pontevedra, que concentran o 79,2% do emprego. No último cadro destaca, por exemplo, que na provincia

da Coruña obtén o seu primeiro emprego máis do 10% das persoas tituladas na provincia de Lugo e que o 7,5% das de Ourense comezan traballando en Pontevedra.

Nos ciclos de FP Básica obsérvase menos mobilidade ao estranxeiro para acadar o primeiro emprego. As persoas tituladas en ciclos de grao superior en Galicia tenden a atopar máis a miúdo o seu primeiro emprego fóra de España.

Figura 55. Gráfica da localización do primeiro emprego




Figura 56. Gráfica da localización do primeiro emprego por comunidades autónomas

Localización		% de titulados/as
Galicia	A Coruña	43,2%
	Lugo	9,3%
	Ourense	8,1%
	Pontevedra	36,0%
Andalucía		0,3%
Aragón		0,1%
Asturias		0,1%
Baleares		0,4%
Canarias		0,3%
Castela e León		0,4%
Cataluña		0,6%
Madrid		0,7%
País Vasco		0,1%
Principado de Asturias		0,1%

Figura 57. Gráfica da localización do primeiro emprego por sexos




Figura 58. Gráfica da localización do primeiro emprego por grao do ciclo




Figura 59. Gráfica da localización do primeiro emprego por provincia do centro




Figura 60. Táboa da provincia do primeiro emprego e a provincia do centro: mobilidade interna

Provincia centro	Provincia do primeiro emprego				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Fóra de Galicia
A Coruña	83,7%	2,6%	1,6%	6,5%	5,6%
Lugo	10,2%	81,6%	1,3%	3,0%	3,9%
Ourense	4,4%	4,9%	81,9%	7,5%	1,3%
Pontevedra	5,9%	0,7%	1,8%	86,6%	4,9%

2.5. Descrición do emprego actual

- **Relación entre o ciclo formativo cursado e o posto de traballo desempeñado no emprego actual**

O 65,5% das persoas tituladas en FP en Galicia no curso 2015-16 declara que o emprego que desempeña na actualidade (aos dous anos de rematar os estudos) garda relación co ciclo formativo cursado. Esta situación mellora en case tres puntos respecto do estudo anterior (63%). Como en toda a serie, o valor é inferior ao do primeiro emprego que os/as titulados/as desempeñaron tras rematar o ciclo formativo (máis do 67,8% traballaban no sector).

O grao de permanencia laboral no mesmo sector do ciclo cursado é maior nos homes. Con todo, redúcese moito a fenda respecto do estudo anterior: na actualidade supón menos do 3%, mentres que no estudo anterior a diferenza por sexos superaba os 12 puntos.

Por grao do ciclo as diferenzas son pequenas; a continuidade no sector mellora a medida que aumenta o nivel do ciclo. Segundo a provincia do centro, debe salientarse a continuidade no sector na provincia de Lugo, que ascende ao 70,2%.

Figura 61. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




Figura 62. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o emprego actual por sexos




Figura 63. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o emprego actual por grao do ciclo





Figura 64. Gráfica da relación entre o ciclo cursado e o emprego actual por provincia do centro



- **Vías de acceso ao emprego actual**

O 20% das persoas tituladas da FP accederon ao emprego que desempeñan na actualidade a través da empresa onde realizaron a FCT. O dato supera lixeiramente o de hai dous anos (18,5%). En función do sexo da persoa titulada, a diferenza redúcese con respecto ao estudo anterior (pasou de catro puntos de diferenza a tan só un). Por provincias, A Coruña presenta unha maior taxa de inserción a través da empresa onde se realizaron as prácticas e Lugo destaca polo acceso a través de contactos persoais ou familiares ao emprego actual. Ourense é a provincia na que unha menor proporción de persoas tituladas acada o emprego a través de contactos persoais ou profesionais, pois gaña relevancia a solicitude e iniciativa propia. A Coruña, cun 22,6%, é a provincia coa maior porcentaxe de persoas tituladas que obtiveron o emprego actual a través da empresa na que realizaron a FCT. Por último, en Pontevedra a inserción no emprego actual produciuse en máis ocasións grazas á mediación do centro formativo.

De igual maneira que no primeiro emprego, as principais vías de inserción, á parte da empresa onde se realiza a FCT, son os contactos persoais ou profesionais e a solicitude e iniciativa propia. Así mesmo, estas dúas categorías tamén son as máis mencionadas cando se segmenta a mostra por sexos, por grao do ciclo e por provincia.

Figura 65. Gráfica do acceso ao emprego actual a través da empresa na que se realizou a FCT




Figura 66. Gráfica das outras vías de acceso ao emprego actual




Figura 67. Gráfica do acceso ao emprego actual a través da empresa na que se realizou a FCT por sexos




Figura 68. Gráfica das outras vías de acceso ao emprego actual por sexos





Figura 69. Gráfica do acceso a emprego actual na empresa na que se realizou a FCT por grao do ciclo




Figura 70. Gráfica das outras vías de acceso ao emprego actual por grao do ciclo




Figura 71. Gráfica do acceso ao emprego actual na empresa na que se realizou a FCT por provincia do centro





Figura 72. Gráfica das outras vías de acceso ao emprego actual por provincia do centro



- **Modalidade laboral do emprego actual**

O 83,4% das persoas tituladas que traballan na actualidade desempeña empregos por conta allea no sector privado. Neste caso, teñen máis representación os homes no sector privado. Por conseguinte, as mulleres tituladas que traballan teñen maior presenza no sector público (15,1%).

As diferenzas por provincias non son significativas. Con todo, Ourense é a provincia con maior proporción de alumnado que traballa no sector público. As persoas tituladas en ciclos de grao superior e medio teñen maior presenza no sector privado por conta allea, mentres que na FP Básica destaca o autoemprego (4,2%).

Figura 73. Gráfica da modalidade laboral do emprego actual




Figura 74. Gráfica da modalidade laboral do emprego actual por sexos




Figura 75. Gráfica da modalidade laboral do emprego actual por grao do ciclo





Figura 76. Gráfica da modalidade laboral do emprego actual por provincia do centro



Os contratos indefinidos aumentan de modo considerable respecto ao primeiro emprego acadando o 28,6% das persoas traballadoras do sector privado, unha cifra mellor que no estudo realizado hai dous anos (17,2%). Neste caso, sobresaen por enriba da media as taxas dos homes (30,2%) e das provincias de Ourense e da Coruña (31,4% e 29,1%, respectivamente), así como as dos ciclos de grao medio e superior. A segunda modalidade de contratación máis habitual é a temporal por obra e servizo, a excepción da FP Básica, onde ocupa o primeiro lugar.

No sector público, o persoal laboral constitúe a principal modalidade das persoas tituladas. Por sexos e segundo o tipo de contrato no sector público, o 13,3% dos homes son funcionarios fronte ao 3,4% das mulleres. Elas teñen maior presenza na interinidade e como persoal laboral fixo, indefinido ou temporal. Por provincias, sobresaen Ourense e Lugo con máis dun 12,3% de funcionarios/as entre as persoas traballadoras no sector público.

Figura 77. Gráfica do tipo de contrato no sector privado no emprego actual




Figura 78. Gráfica do tipo de contrato no sector público no emprego actual




Figura 79. Táboa do tipo de contrato no sector privado no emprego actual por sexos, grao do ciclo e provincia do centro

		Externo, autónomo	Indefinido	Outros, Ns	Temporal, entre 6 e 12 meses	Temporal, máis de 12 meses	Temporal, menos de 6 meses	Temporal, por obra e servizo
Sexo	Homes	0,2%	30,2%	10,7%	19,0%	3,6%	12,0%	24,2%
	Mulleres	0,2%	26,7%	12,4%	18,7%	4,9%	11,8%	25,2%
Grao do ciclo	FP básica	0,0%	15,9%	11,4%	11,7%	5,8%	13,3%	41,8%
	Grao medio	0,3%	27,2%	10,8%	18,8%	4,7%	13,0%	25,3%
	Grao superior	0,1%	30,6%	11,5%	20,2%	4,2%	11,0%	22,4%
Provincia do centro	A Coruña	0,2%	29,1%	10,8%	19,1%	4,5%	10,6%	25,7%
	Lugo	0,3%	25,3%	8,6%	25,7%	3,7%	13,9%	22,6%
	Ourense	0,8%	31,4%	8,8%	18,1%	3,7%	16,5%	20,8%
	Pontevedra	0,1%	28,3%	13,7%	17,1%	4,1%	12,4%	24,4%

Figura 80. Táboa do tipo de contrato no sector público no emprego actual por sexos, grao do ciclo e provincia do centro

		Bolseiro/a	Funcionario/a	Interino/a	Persoal eventual	Persoal laboral fixo, indefinido ou temporal
Sexo	Homes	3,7%	13,2%	6,9%	37,7%	38,5%
	Mulleres	2,0%	3,4%	12,2%	35,7%	46,6%
Grao do ciclo	FP básica	0,0%	13,8%	0,0%	44,1%	42,0%
	Grao medio	1,4%	3,6%	7,8%	35,6%	51,6%
	Grao superior	3,9%	11,4%	13,1%	36,9%	34,7%
Provincia do centro	A Coruña	2,2%	7,5%	7,2%	31,1%	51,9%
	Lugo	0,0%	12,4%	3,8%	34,8%	48,9%
	Ourense	0,0%	12,3%	8,2%	40,2%	39,3%
	Pontevedra	4,9%	5,5%	15,4%	43,1%	31,1%

- **Categoría laboral do emprego actual**

